

CONCLUSIONES

CAPÍTULO 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2019

Primeira. En 2019 Galicia acadou un crecemento económico do PIB (1,8%) lixeiramente menor que a media estatal (2,0%). No que atinxe ao PIB (produto interior bruto) por habitante, Galicia, con 23.183 euros, quedou un 9,9% por baixo da media estatal en 2018.

Segunda. Do PIB galego en 2017 (último dato desagregado dispoñible), a provincia da Coruña xerou un 43,2% e a de Pontevedra un 33,6%. Conxuntamente, as provincias de Lugo (12,6%) e Ourense (10,6%) representan menos da cuarta parte do PIB en Galicia.

Terceira. En 2018, último dato dispoñible, un 23,1% dos fogares en Galicia non tiña capacidade económica para facer gastos imprevistos (12,9 puntos porcentuais menos ca media estatal) e un 4,0% tiveron retrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (3,3 puntos menos ca media estatal). Un 7,0% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (3,4 puntos porcentuais menos que a media estatal). Finalmente, os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia en 2018 (11.412 euros) estaban un 1,5% por baixo da media española.

Cuarta. O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2019 os 22.196 millóns de euros, mentres que as importacións foron de 19.814 millóns de euros. A diferenza foi un superávit de 2.382 millóns de euros.

CAPÍTULO 2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

Primeira. En 2019, Galicia mantén a quinta posición en canto a participación das súas empresas no conxunto do Estado, con 200.972 empresas; un 5,98% do total. Nun contexto xeral de esmorecemento no ritmo de creación de empresas, a comunidade galega continúa en taxas de variación positivas, aínda que por debaixo da media estatal: 0,09%, fronte a media de 0,77% no global de empresas españolas.

Segunda. Persiste a concentración de empresas galegas no eido do sector servizos (78,97%) fronte ao industrial (6,25%) e as empresas da construción (14,77%). A participación das empresas galegas nestes dous últimos sectores é lixeiramente superior á media estatal, fronte a unha menor presenza das empresas do sector servizos; en particular, as englobadas no “resto de servizos”, cunha participación catro puntos porcentuais inferior á media do Estado.

Terceira. As empresas industriais retroceden en 2019 nun 3,1% e as empresas de sector comercio nun 1,2%. As entidades enmarcadas no sector de “resto de servizos”, pola súa banda, aumentan nun 1,1%, permanecendo inalteradas as organizacións no sector da construción en Galicia.

Cuarta. Confírmase a concentración da actividade empresarial nas provincias atlánticas A Coruña e Pontevedra, que achegan sete de cada dez empresas galegas. A evolución no ano 2019 constata un lixeiro maior dinamismo da provincia pontevedresa.

Quinta. Persiste a predominancia de empresas constituídas como persoa física fronte a outras fórmulas xurídicas: un 57,59% das empresas galegas constituídas en 2019. Igualmente, no que atinxe ás empresas rexistradas como persoa xurídica, afiánzase o protagonismo das empresas rexistradas baixo a figura de responsabilidade limitada (76,15 % das empresas inscritas como persoa xurídica).

Sexta. O número de debedores concursados en Galicia en 2019 aumenta por riba da media estatal (14% e 8%, respectivamente). Neste contexto, destaca a presenza de concursos voluntarios, ordinarios e que afectan a empresas de responsabilidade limitada. Con todo, en 2019 dúplícanse os concursos de natureza necesaria.

CAPÍTULO 3. ECONOMÍA SOCIAL

Única.- Nos tres últimos anos diminuíu o número total de sociedades laborais inscritas na Seguridade Social en Galicia, nunha tendencia uniforme en todas as provincias galegas. A diminución en 2019 respecto de 2017 foi do 8,1%, mentres que o número de persoas traballadoras diminuíu nun 10,8%.

CAPÍTULO 4. POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

Primeira. A poboación galega diminuíu marxinalmente en 2019 respecto a 2018 en 2.708 persoas, ata chegar a 2.700.441 habitantes. Este resultado é consecuencia da perda de peso demográfico que se está a producir en Galicia dende 2001. Contrasta este resultado coa gran suba da poboación a nivel estatal entre 2001 e 2019, un 15,4%, fronte ao estancamento da poboación en Galicia. No que atinxe aos nove últimos anos (2011-2019) a poboación en Galicia diminuíu en 72.974 persoas.

Segunda. A taxa bruta de natalidade en Galicia en 2019 (último ano con datos dispoñibles) foi dun 5,8 por 1.000 habitantes, moi por baixo da media estatal (7,6 por 1.000 habitantes). Galicia é a penúltima comunidade autónoma do Estado nesta clasificación, só por diante de Asturias. Doutra banda, a taxa de crecemento vexetativo de Galicia en 2018 (-5,9 por 1.000 habitantes) contrasta coa redución do 1,2 por cada 1.000 habitantes de España ou a diminución de 0,6 por cada 1.000 habitantes da UE.

Terceira. A poboación activa galega no cuarto trimestre de 2019 totalizou 1.214.000 persoas, 5.000 máis que no mesmo período do ano anterior. A participación de Galicia na poboación activa en España en 2019 é de 5,4%, estabilizándose nesta porcentaxe. A taxa de actividade en Galicia foi do 73,5% en 2019, tres décimas máis que no ano anterior, e 1,7 puntos porcentuais por baixo da taxa estatal. Galicia pechou 2019 con 1.096.000 persoas ocupadas, tras a creación de emprego neto de 7.200 postos de traballo no último ano. A suba porcentual da poboación ocupada en Galicia en 2019 (0,7%) foi moi inferior á do conxunto do Estado (2,1%). A taxa de ocupación en Galicia en 2019 respecto ao ano pasado subiu en 0,44 puntos porcentuais (a media española fíxoo en 0,71 puntos).

Cuarta. A taxa de temporalidade foi en 2019 en Galicia dun 26,5 %, practicamente a mesma que o ano anterior. Xa que logo, a taxa de contratación indefinida foi do 73,5 %. O 10,4 % dos contratos temporais en Galicia son dunha duración inferior a un mes, o 24,4 % están entre 1 e 3 meses e o 34,8 % son de 4 a 6 meses. O 69,6 % dos contratos temporais en Galicia ten unha duración inferior a medio ano.

Quinta. A formación de demanda ou programada polas empresas experimentou un descenso no número de empresas formadoras e na duración media dos cursos, e un aumento no número de participantes, horas de formación, crédito disposto e nos permisos individuais de formación, se o comparamos con 2018. O número de mulleres participantes (44%) segue sendo inferior ao de homes (56%).

Sexta. A distribución das horas de formación segundo o sector de actividade, tanto en España coma en Galicia, concéntranse maioritariamente no sector servizos, chegando ao 65% en Galicia e ao 73% no conxunto do Estado. Destaca igualmente Galicia cun maior número de horas no sector da industria comparándoa con conxunto do estado.

CAPITULO 5. MULLER E MERCADO LABORAL

Primeira. Mantense unha maior representación dos homes na contratación fronte ás mulleres (47,8% de mulleres en 2019), unida a un maior uso dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (63%) e un menor concerto de contratos indefinidos, que chegan en 2019 ao 45,4%, mellorando respecto ao ano anterior.

Hai que destacar que seguen existindo modalidades contractuais eminentemente femininas como a de interinidade (71,5%), que o contrato para a formación volve a superar os concertados con homes e o de prácticas é inferior no grupo de mulleres. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadoras de servizos de restauración, persoais e de comercio manteñen a maioría feminina.

Segunda. Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas etc.), as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 21,4% inferior ao do home e o 36% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais ou inferiores ao salario mínimo interprofesional, apreciándose unha leve melloría sobre o ano 2018.

Terceira. O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 87,8% das recibidas polos homes, un 12,2% menos, mellorando con respecto a 2018 . De igual forma, as pensionistas galegas só percibiron como media o 71,4% das pensións do grupo de homes.

Cuarta. As excedencias para o coidado de familiares foron solicitadas por mulleres no 76% dos casos. Porcentaxes aínda máis altas danse nas excedencias por coidado de fillas e fillos (92% de mulleres). Do total das persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos e nenas e persoas enfermas, incapacitadas ou maiores, a maioría son mulleres.

CAPÍTULO 6. INICIO DA RELACIÓN LABORAL

Primeira. A 31 de decembro de 2019, o 74,27% das empresas de Galicia que contan con persoas asalariadas pertencen ao sector servizos, dando ocupación ao 72,06% das persoas traballadoras. Descende o número total de empresas en 2019 en 3.227 empresas menos. O descenso prodúcese nas empresas con persoas asalariadas (-593) e nas autónomas sen persoal asalariado (-2.634). As empresas organizadas xuridicamente baixo a fórmula de persoa xurídica, o 59,69% do total, empregan ao 89,83% das persoas traballadoras por conta allea.

Segunda. Continúa a tendencia á alza dos últimos cinco anos respecto do número de persoas afiliadas á Seguridade Social, sen chegar aínda, no caso de Galicia, ás cifras de 2009 (primeiro ano que se recolle no correspondente cadro evolutivo), sendo o 46,6% das persoas afiliadas mulleres e o 53,4% homes. O incremento de persoas afiliadas en 2019 sitúase na práctica totalidade no réxime xeral. Por sectores, a meirande parte das persoas traballadoras afiliadas e en alta sitúanse no sector servizos, seguido de industria, construción e agrario, por ese orde. Medra en máis de doce mil o número de contratos concertados con persoas traballadoras estranxeiras, o 74,06% no sector servizos e maioritariamente baixo fórmulas de contratación temporal. Das contratacións a persoas estranxeiras en 2019, o 57,38% foi con homes e o 42,62% con mulleres.

CAPÍTULO 7. CONTRATACIÓN

Primeira. Por quinto ano consecutivo medra o número total de contratos en Galicia. En 2019, concertáronse 3.910 contratos máis que no ano anterior (lonxe dos 51.445 contratos máis que medraran na comparativa de 2018 respecto de 2017). A modalidade contractual máis empregada foi a de eventuais por circunstancias da produción (o 49,32% con mulleres), subindo en 24.000 contratos respecto do ano anterior. Logo de tres anos medrando, baixa a contratación indefinida ordinaria con 8.113 contratos menos (un 54,80% con homes e un 45,20% con mulleres). As contratacións indefinidas representaron en 2019 en Galicia o 4,47% do total da contratación realizada (case un punto por baixo do ano anterior, e segue a ser máis baixa que no conxunto do Estado).

Segunda. A rotación das persoas asalariadas galegas (número de contratos eventuais que, por termo medio, se concertan con cada asalariada temporal) alcanzou os 4,06 contratos no caso das mulleres e os 4,68 nos homes en 2019 incrementando ao ano anterior nas mulleres. A media en España foi de 4,14 no grupo de mulleres e de 5,12 no de homes. Mantense unha elevada porcentaxe de persoas asalariadas temporais, especialmente no colectivo feminino, mais diminúen as distancias entre o grupo de homes e de mulleres entre 2019 e 2018. Seguen existindo determinadas modalidades contractuais maioritariamente femininas como son o contrato de interinidade ou os concertados a tempo parcial, e outras maioritariamente masculinas como o contrato de relevo ou xubilación parcial. Por sectores de actividade, só no sector servizos a contratación das mulleres supera a dos homes.

CAPÍTULO 8. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Primeira. A 31 de decembro de 2019 existen en Galicia 1.033 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, dos cales 126 son de sector e 907 de empresa.

Asináronse por primeira vez este ano 28 convenios (1 de sector e 27 de empresa) que afectan a 1.156 persoas traballadoras, das que 754 son homes e 402 mulleres.

Segunda. Durante o ano 2019 asináronse e/ou revisáronse 163 convenios colectivos (116 convenios asinados e 47 revisados), dos que 38 son de sector (22 asinados e 16 revisados) e 125 son de empresa (94 asinados e 31 revisados).

Afectaron estes convenios a 206.937 persoas traballadoras, das que 162.960 son homes e 43.977 mulleres.

Terceira. O incremento salarial pactado nos convenios colectivos asinados e revisados este ano en Galicia foi do 1,75%, media superior ao IPC galego (0,7%) e ao estatal (0,8%).

Recollen cláusulas de revisión salarial o 21,55% dos convenios asinados e o 27,66% dos revisados este ano.

Teñen pactos de ultraactividade o 75,86% dos convenios asinados neste ano (o 86,36% dos de sector e o 73,40% dos de empresa).

A xornada media pactada no ano 2019 foi de 1.757,95 horas, sendo nos convenios de empresa de 1.732,09 horas e nos de sector de 1.760,03 horas.

O 62,07% dos convenios colectivos asinados este ano establecen unha xornada anual inferior á máxima legal (17 convenios de sector e 55 de empresa).

Cuarta. Rexistráronse en 2019 en Galicia 29 inaplicacións de convenio que afectan a 560 persoas traballadoras, das que 324 son homes e 236 mulleres. As condicións de traballo que se inaplican refírense maioritariamente á contía salarial (89,66%), sendo dentro destas a redución do salario a que máis se produce (79,31%).

No 79,31% a composición da comisión negociadora correspóndese co establecido no artigo 41 do Estatuto dos traballadores (comisión dun máximo de tres membros integrada por persoas traballadoras da propia empresa e elixida por estas democraticamente). No 20,69% está constituída pola representación legal dos traballadores/as.

Non acudiron en ningún caso á mediación do AGA nin á decisión do órgano tripartito.

Conclusións

O 41,38% das inaplicacións rexistradas en 2019 teñen lugar en empresas que teñen entre 6 e 30 persoas traballadoras e o 37,93% en empresas que teñen entre 1 e 5.

Quinta. No ano 2019 existe participación de mulleres na comisión negociadora en 76 convenios, o 65,5% do total dos asinados este ano. Estes convenios afectan a 69.845 persoas traballadoras (o 87,6%), das que 52.741 son homes e 17.104 mulleres.

O número de mulleres que participou nas comisións negociadoras foi de 52 por parte das empresas e/ou organizacións empresariais (un 17% fronte a 258 homes, un 83%) e 121 por parte das organizacións sindicais (un 19% fronte a 507 homes, un 81%).

CAPÍTULO 9. SINISTRALIDADE LABORAL

Primeira. En 2019 o número de accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia medrou un 10% respecto do ano anterior. A sinistralidade incrementouse en todas as categorías de accidentes, sendo tal incremento do 10% nos accidentes leves, do 14,5% nos accidentes graves e do 7,7% nos accidentes mortais, sempre respecto de 2018. O total de accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia (31.628) supuxo un 5,6% respecto do total estatal (o 5,2% en 2018), sendo os graves (496) un 11,4% (o 11,1% en 2018), e os mortais (56) un 10% (o 10,3% en 2018) dos producidos no conxunto do Estado.

Segunda. Galicia, no total de accidentes, entre 2009 e 2019, ocupou catro anos (2013, 2014, 2015 e 2018) a décimo primeira posición dos índices de incidencia; un ano (2019) a oitava; dous anos (2011 e 2012), a sétima; dous anos (2010 e 2017) a sexta; e outro ano (2009) a quinta, no que é a peor posición relativa en todo este período; e tamén outro ano (2016) a décimo cuarta, que foi a mellor posición relativa no período exposto. En 2019, Galicia ten índices de incidencia menores que os do conxunto estatal no sector agrario, construción e servizos, sendo superiores, non obstante, na industria. Neste último sector, o mal índice de incidencia de Galicia foi superado tan só por Baleares, Navarra e País Vasco.

CAPÍTULO 10. CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABAJO

Primeira. No ano 2019 medra o número de folgas, pero resulta especialmente significativo que en canto ás persoas participantes, baixan en sete mil catrocentas persoas, o mesmo que sucede coas xornadas non traballadas. O maior número de folgas en todo o Estado corresponde ao sector servizos. No caso de Galicia séguelle o sector da industria, única e exclusivamente, pero con menos participantes e unha cuarta parte de xornadas non traballadas. Foron realizadas en Galicia durante 2019, 74 folgas das 130 convocadas (70 de empresa e 4 de sector, 67 provinciais e 7 autonómicas).

Segunda. No que se refire ao AGA, en 2019 iniciáronse 87 expedientes (dezanove menos que no ano anterior), que afectaron a 715 empresas e 17.755 persoas traballadoras. Sobre o total de mediacións e arbitraxes levadas a cabo polo AGA, a efectividade acadada ao longo do ano foi do 82,35%, dous puntos por riba do ano anterior. O 90,2% dos procedementos tramitados no ano 2019 foron conciliacións ou mediacións que afectaron a 17.202 persoas traballadoras e 709 empresas. O 9,8% restante foron arbitraxes que afectaron a 553 persoas traballadoras e 6 empresas.

CAPÍTULO 11. REGULACIÓN DE EMPREGO E FOGASA

Primeira. As persoas afectadas en cómputo global das catro provincias galegas en 2019, tanto en expedientes pactados coma non pactados ou sen período de consultas, diminuíron un 18%.

En relación co tipo de medida a redución destaca na medida de suspensión, xa que na de despedimento colectivo dáse un aumento.

O maior número de persoas afectadas concéntrase no sector de industria, seguido do sector de servizos e na medida de suspensión.

Desagregando por sexo, hai máis homes afectados que mulleres, sendo a diferenza máis relevante nas suspensións de contratos. Do total de persoas afectadas por todas as medidas, o 72% son homes e o 28% son mulleres.

Segunda. En Galicia aumenta o número de persoas afectadas polas resolucións do Fogasa nun 21%, mentres no conxunto do Estado reduciuse o número de persoas beneficiarias das resolucións do Fogasa, chegando ao 11% menos en 2019, con respecto a 2018. A provincia galega máis afectada polas ditas resolucións foi A Coruña, seguida de Pontevedra.

CAPÍTULO 12. PROTECCIÓN SOCIAL

Primeira. Galicia é unha das comunidades autónomas con maior porcentaxe de pensionistas (7,8 % do total en 2019), unha ratio moi superior ao que representa a poboación galega no total do Estado (5,8 %). En relación á contía percibida, a pensión media na nosa comunidade autónoma entre 2010 e 2019 incrementouse en 194 euros, fronte a 216,3 euros na media do Estado.

Segunda. En 2019, en Galicia computáronse 480.500 pensións de xubilación, 5.700 máis que en 2018. A media en 2019 das pensións galegas de xubilación situouse en 961 euros mensuais, subindo 50,5 euros con respecto a 2018. A media estatal increméntase, en 2019, en 52,8 euros, situándose en 1.143,6 euros; isto é, 182,5 euros por riba de Galicia. As provincias de Lugo e Ourense, debido ao importante número de pensións de xubilación do sistema especial agrario, recollen as maiores diferenzas con respecto á media estatal, 295,9 euros e 343,1 euros, respectivamente.

Terceira. As 88.182 persoas beneficiarias en Galicia das prestacións de desemprego en decembro de 2019 supoñen o 4,7% do total español. O 46,2% das persoas perceptoras en Galicia son dunha prestación asistencial (subsídio ou renda activa de inserción); as persoas beneficiarias da prestación contributiva acadan o 45,9%. O resto de persoas beneficiarias son do programa de activación para o emprego.

Cuarta. Galicia foi en 2019 a sexta comunidade autónoma con maior número de pensións non contributivas, despois de Andalucía, Canarias, Cataluña, Comunidade Valenciana e Madrid. As persoas perceptoras de pensións non contributivas en 2019 representan o 8,5% do total estatal, moi por riba de comunidades autónomas con moito maior número de habitantes que Galicia, como pode ser o caso da Comunidade de Madrid.

CAPÍTULO 13. ELECCIÓN SINDICAIS

Única. Nos procesos electorais realizados en Galicia no período 2016/2019, a Confederación Intersindical Galega (CIG), cun resultado do 29,2% do total de persoas representantes elixidas (o 28,7% no período anterior, 2015/2018), é a organización sindical que obtivo maior número, seguida da Unión Xeral de Traballadores (UGT-Galicia), co 25,8% (o 27,9% no período anterior), e do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, co 25,5% (o 25,1% no período anterior). O resto das entidades sindicais obtiveron un resultado global do 19,6% (algo máis do 18% no período anterior). Ademais, no período reflectido a CIG foi primeira forza sindical na Coruña e Pontevedra, e terceira en Lugo e Ourense; CCOO resultou ser primeira forza sindical en Lugo e segunda na Coruña, Pontevedra e Ourense; mentres que UGT foi primeira forza sindical en Ourense, segunda en Lugo e terceira na Coruña e Pontevedra.